




# RUTA DOS CANEIROS

## Ladra-Parga

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 13 Km ((lineal)

Dificultade: baixa

Duración: 4 horas



A Ruta dos Caneiros é un carreiro acondicionado que, ao longo duns 13 km, percorre a beira dos ríos Ladra e Parga no concello de Begonte, entre a área de lecer de Begonte e o linde co concello de Guitiriz. Todo o tramo está incluído no LIC "Parga, Ladra, Támoga". O río Ladra fórmase pola confluencia dos ríos Trimaz, que nace nos montes de Xermade; do Madalena que nace na Serra da Carba, e do Fabilas. Pasa por terras de Vilalba, Begonte e Outeiro de Rei. Recolle as augas do Labrada e do Parga e desemboca no Miño en Santa Sabela (Outeiro de Rei).



Caneiro e área de lecer de Begonte

Os **caneiros** son construcións para reter e desviar a auga dos ríos, xeralmente para conducila a un muíño. Nesta zona abundan tamén os caneiros para pescar cos muros en forma de V (*guiares*) que conducen a auga cara as *bocas e pías*, nas que se arman as redes. Algúns completáanse con *casetos* nos que se deposita a pesca e se refuxian os pescadores. Un dos peixes que máis se pescaban era a anguía, que cos encoros case desapareceu.



## PERCORRIDO:

Desde a ponte da estrada, ou desde a praia fluvial de Begonte, levando o río á esquerda camiñamos remontándoo polo carreiro ben marcado polo paso da xente e os postes indicadores. Ao longo do percorrido iremos descubrindo fermosas estampas do curso fluvial compostas pola luz, o espello da auga e as distintas especies arbóreas que lle serven de marco. Pouco despois de pasar a confluencia dos ríos Parga e Ladra un indicador sinala un carreiro, pouco evidente, para achegarse aos Pozos do Olló e ás lagoas de Riocaldo, algo que tamén podemos facer desde un pouco máis adiante polo corredor do tendido eléctrico (o desvío é de un algo máis de 1 km) ou desde a estrada (desde a ponte do Ladra, na estrada, ata as lagoas hai 1 km). Na estrada remata o primeiro tramo da ruta, uns 4 km, e despois de cruzar a ponte comeza o segundo tramo, case 6 km, no que acompañamos, pola outra ribeira, ao río Ladra ata a confluencia co Parga, e continuamos a ruta remontando o río Parga, uns 4 km, ata a área de lecer de Baamonde. No camiño cruzamos a estrada de Pacios a Bóveda, e alí, xusto antes de chegar á ponte, temos, ao outro lado do río, un fermoso carballo de gran porte; e despois de cruzar a estrada un caneiro e un muíño. Uns 700 m antes de chegar á área de lecer de Baamonde, onde remata o segundo tramo da ruta, atopamos o muíño de Vilariño coa súa presa e caneiro de pesca.

Desde a área de lecer de Baamonde podemos achegarnos a igrexa románica de Santiago, do século XIII, que ten no adro o Castiñeiro da Capela, que está incluído no Catálogo de árbores senlleiras da Xunta de Galiza (o desvío é de 1 km ida e volta).

O terceiro tramo deste percorrido entre a área de lecer de Baamonde e o linde co concello de Guitiriz faise levando o río á dereita, despois de cruzalo pola ponte da estrada de Baamonde a Vilariño, e pódese alongar, e nós así o recomendamos (é cousa de un quilómetro máis ou menos), para darlle remate na ponte medieval e na capela gótica do San Alberte, visitar estes monumentos e achegarnos á fonte milagreira do santo contada e cantada por Manuel María.




Río Ladra. Coas augas altas os muros dos caneiros quedan mergullados.



Narciso (*Narciso pseudonarcisus* subs *nobilis*, moi abundante nas beiras do río ao longo de boa parte da ruta.



O Ladra na área de lecer de Begonte.



Río Ladra





Un tramo na ruta pola beira do río Parga.



Caneiro en Baamonde



Área de lecer de Baamonde



## O SAN ALBERTE DE PARGA

*Meu claro e cantareiro río Parga:  
co brazo rexo e longo do caneiro  
detés a auga, soségala, remánsala  
para que espelle árbores e uces,  
a prodixiosa ponte medieval,  
a beleza do gótico aldeano  
eternizada en cantería para erguer,  
entre nós, o teu lar, a casa túa,  
jough San Alberte!, pois nós somos  
a bretemosa tribo resignada,  
pausada e firme dos chairegos.  
Santiño pargués: a ti acudimos  
para que os nenos mudos e tatecos  
rachen a falar. Nós sabemos  
que ti só dialogas en galego  
co río, co vento e co silencio.  
Lémbrete para sempre endexamais  
deste chairego que che pide o don  
da nosa fala e a gracia da palabra.*

(Manuel María, A LUZ RESUCITADA, 1984)



Fonte de San Alberte.  
Segundo a tradición a  
súa auga cura  
problemas da fala.



San Alberte de Parga. Na parroquia de Sambreiro (Guitiriz).  
A fachada principal é do século XIII.



Ponte medieval de San Alberte sobre o río Parga.



Río Parga